Xuntos polo Nadal 2026

IMPRIMIR



A **Consellería de Política Social e Igualdade** (https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/plans-e-programas/xuntos-polo-nadal-2025), a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria organiza este programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

- **Información do programa 2026** (/sites/default/files/recursos/maiores/XuntosNadal_Informacion_gal%202026.pdf) | Cartel

Prazas e destinos

Ofértanse un total de **270 prazas** distribuídas do seguinte xeito:

- **Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense)**, **130 prazas prazas** totais para as persoas solicitantes das provincias de Pontevedra e Lugo, distribuídas proporcionalmente segundo poboación:
  - Pontevedra: 97 prazas
  - Lugo: 33 prazas
- **Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra), 140 prazas** totais para as persoas solicitantes da provincia de Coruña e Ourense, distribuídas proporcionalmente segundo poboación:
  - A Coruña: 110 prazas
  - Ourense: 30 prazas

Datas e servizos

Este programa levarase a cabo entre o día 23 de decembro de 2026 e o día 7 de xaneiro de 2027, en **tres quendas diferentes, das que só se poderá elixir unha**:

- 23 ao 30 de decembro de 2026 (8 días)
- 31 de decembro de 2026 ao 7 de xaneiro de 2027 (8 días)

- 23 de decembro de 2026 ao 7 de xaneiro de 2027 (16 días)

O programa inclúe os seguintes **servizos**:

- Estancia na residencia durante 16 días (15 noites), ou 8 días (7 noites)
- Aloxamento en **cuartos compartidos** e manutención en réxime de pensión completa, con dieta especial para as persoas que por prescrición médica o requiran e o acrediten debidamente. No suposto de que existira dispoñibilidade en habitación individual será asignada con preferencia aos participantes que teñan xustificación médica que motive dit asignación.
- Actividades de animación sociocultural.
- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan ata as residencias de tempo libre e viceversa:
  - Saídas á **Residencia de Tempo libre de Panxón (Nigrán)** dende as localidades de **Lugo, Pontevedra e Vigo.**
  - Saídas á **Residencia de Tempo libre de Carballiño (O Carballiño)**: dende as localidades de **Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela e Ourense**.

A **saída** desde os puntos de orixe realizarase os días **23 e 31 de decembro pola mañá**, desde os lugares que se establezan nas cidades da coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e o **regreso os días 30 de decembro e 7 de xaneiro, respectivamente pola mañá**, desde as **residencias de tempo libre do Carballiño e Panxón** ata os lugares de orixe.

Requisitos das persoas beneficiarias

1. Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
2. Estar empadroado nalgún concello galego.
3. Vivir só/soa no seu domicilio e non ter con quen pasar as datas do Nadal.
4. Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou de conduta, que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da estadía.

Recoméndase estar vacinado fronte a COVID-19 e a GRIPE segundo o calendario sanitario vixente.

Para a selección dos participantes, cuxas solicitudes reúnan todos e cada un dos requisitos, aplicaranse os criterios establecidos no baremo que figura no anexo II, **dándoselle preferencia** ás persoas que:

- Perderan ao seu cónxuxe ou persoa coa que convivisen nos últimos dous anos.
- Teñan máis idade
- Non participaran nunca no Programa Xuntos polo Nadal.

Poderanse excluir aquelas persoas que participaran neste programa en anos anteriores e non se adaptaran ás normas de convivencia establecidas ainda que obteñan unha puntuación que lles permita o acceso ao programa.

Solicitudes

As solicitudes, acompañadas do informe social e da declaración responsable, formularase no modelo establecido ao efecto e estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa que corresponda.

Solicitude (/sites/default/files/recursos/maiores/XuntosNadal_Solicitud_gal%202026.pdf) **É imprescindible marcar a quenda que solicitan (hai tres opcións)**

Informe social
(/sites/default/files/recursos/maiores/XuntosNadal_Informe%20social_gal%202026.pdf)

Declaración responsable
(/sites/default/files/recursos/maiores/XuntosNadal_Declaraci%C3%B3n%20responsable_gal%202026.pdf)

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, no seguinte enderezo: https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica (https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica)

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (https://www.xunta.gal/chave365/que-e)

Opcionalmente, poderanse presentar de forma presencial en calquera dos lugares e **rexistros** establecidos na normativa (https://012.xunta.gal/canle-de-atencion/canle-presencial) reguladora do procedemento administrativo común e dirixiranse ao departamento territorial correspondente en función do ámbito territorial do solicitante.

As solicitudes deben dirixirse aos Departamentos Territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade da provincia correspondente.

Prazo de presentación

Desde o día **16 ata o día 30 de novembro de 2026, ambos incluídos.**

Prezo da praza

As persoas participantes asistirán de forma gratuíta ao programa.
Os gastos de desprazamento desde o domicilio dos adxudicatarios ata o lugar de saída que se indique nas localidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo e viceversa serán por conta da persoa participante.

Documentación

As persoas ás que se lle adxudique praza terán que confirmar a súa asistencia e, no momento de incorporarse ao programa, ir provistas de:

- DNI ou pasaporte en vigor.
- **Informe médico actualizado e detallado** no caso de ter algunha limitación, alerxia ou enfermidade que requira a atención específica (control sanitario, tratamento farmacolóxico, alimentación, accesorio de apoio ou outras medidas de adaptación).
- Únicamente se admitirá a solicitude de habitación individual cando un informe médico oficial, emitido por un especialista do sistema público de saúde, xustifique de forma expresa e fundamentada a necesidade por razons médicas graves ou de risco sanitario. En ausencia da devandita acreditación, non se prestará ningún tipo de atención especial nin se asignará habitación individual.

- Tarxeta sanitaria, medicación habitual necesaria e/ou accesorios para o transcurso da estadía.
- Roupa cómoda.

Observacións

O **abandono do programa agás por forza maior** leva consigo a imposibilidade de participar en futuras edicións.

Para máis información poden consultar a páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade, ou dirixirse a:

- **O Teléfono Social: 900 333 666** (gratuíto)**.**
- **Departamentos Territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade**

  Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal

  Rúa Concepción Arenal, 7-9. 15006 **A Coruña**.

  Teléfono: 881 881 536

  Rúa Serra de Ancares, 68 baixo. 27003 **Lugo**
  Teléfono: 982 889 136

  Rúa Concello, 14. 32003 **Ourense** (Centro sociocomunitario)
  Teléfono: 988 788 704

  Praza da Estrela, s/n - 3º Andar. 36201 **Vigo**
  Teléfono: 986 817 214

- **Os centros socio comunitarios** da Consellería de Política Social e Igualdade
- **Os servizos sociais comunitarios dos concellos e os departamentos de servizos sociais de atención primaria, de atención especializada de saúde ou dos hospitais.**

Consellería de Política Social e Igualdade
(https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/plans-e-programas/xuntos-polo-nadal-2025)

Subdirección Xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria.
Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.
Tlfno: 981547437 / 881999183
Correo electrónico: subxeaiss.politicasocial@xunta.gal (mailto:subxeaiss.politicasocial@xunta.gal)

Descargas destacadas

Solicitude (/sites/default/files/recursos/maiores/XuntosNadal_Solicitud_gal%202026.pdf) **É imprescindible marcar a quenda que solicitan (hai tres opcións)**

Informe social
(/sites/default/files/recursos/maiores/XuntosNadal_Informe%20social_gal%202026.pdf)

Declaración responsable
(/sites/default/files/recursos/maiores/XuntosNadal_Declaraci%C3%B3n%20responsable_gal%202026.pdf)

Baremo
(/sites/default/files/recursos/maiores/CIRCULAR%20NADAL%202026_anexo%20II_baremo.pdf)

Circular Xuntos Nadal 2026
(/sites/default/files/recursos/maiores/XuntosNadal_CIRCULAR%20NADAL%202026_v3.pdf)

INFORMACIÓN ADICIONAL

- **Colectivos:** Maiores
- **Data inicio:** 16/11/2026
- **Data fin:** 30/11/2026
- **Sistema:** Servizos sociais
- **Tipo recurso:** Programas
- **Organo:** Consellerías
- **Ámbito:** Autonómica